



UNIVERSIDADE
DE VERÁN 2009

PLURILINGÜISMO NA ESCOLA: ENSINO DE SEGUNDAS LINGUAS EN CONTEXTOS ACADÉMICOS

8 de xullo de 2009

Facultade de Filoloxía - USC


As voces das familias inmigrantes na escola

Dra. Diana Priegue Caamaño

Universidade da Coruña


Grupo de Investigación Esculca - USC

Gráfica 1: Etranxeiros residentes en Galicia (2001-2009)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Trabajo e Inmigración (2009)


Gráfica 2: Estranxeiros residentes en Galicia segundo procedencia




Fluxos migratorios de épocas anteriores



Trabajadores en solitario



Homes




Asentamiento temporal




vs.


Fluxos migratorios actuais




Familias




Mulleres




Asentamiento definitivo



Novas responsabilidades



Gráfica 3: Alumnado estranxeiro nas escolas de Galicia (2000-2009)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2009)


**Táboa 1: Nacionalidades máis representadas nas escolas de Galicia
(Curso 2008-09)**

| | | |
|---------------------------|------------|-------------|
| África | Marrocos | 1114 |
| | Cabo Verde | 76 |
| Latinoamérica | Colombia | 1766 |
| | Brasil | 1491 |
| | Arxentina | 1057 |
| Ásia | China | 336 |
| Europa Comunitaria | Portugal | 1023 |
| | Romanía | 653 |
| Oceanía | Australia | 25 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2009)


As voces das familias : o problema da participación

- ✓ A participación é un elemento esencial da democracia e un excelente indicador de cidadanía activa.
- ✓ A escola constitúe un espazo de participación cidadá e un marco axeitado para aprender a participar.
- ✓ Na propia LOE recóllese que a educación é o medio máis adecuado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, responsable, libre e crítica.
- ✓ A participación das familias inmigrantes nas escolas dos seus fillos e fillas acostuma ser menor que a das familias autóctonas.



**As diversas situacións
que afectan ás familias
inmigrantes**

- Falta de estabilidade familiar (dificult. económicas, regularidade...)
- Descoñecemento da cultura escolar
- Escasa competencia lingüística



- Perfil familiar
- Perfil socio-educativo e laboral
- Proxecto migratorio

A Investigación

- Estudio descriptivo
- n: 111 familias inmigrantes
 - 58 latinoamericanas
 - 22 árabes
- Instrumento: Escala socio-educativa para familias inmigrantes
 - 30 ítems



Táboa 2 : Hábitat de residencia en orixe segundo a procedencia étnico-cultural

| | Rural | Semiurbana | Urbana | NS/NC |
|---------|-------|------------|--------|-------|
| Latinas | -- | 16,7% | 83,3% | -- |
| Árabes | 54,6% | 13,6% | 31,8% | -- |

Táboa 3: Estudos rematados segundo a procedencia étnico-cultural

| | Sen estudos | Primarios | Secundarios | Universit./ Superiores | NS/NC |
|---------|-------------|-----------|-------------|------------------------|-------|
| Latinas | -- | 13,9% | 48,6% | 36,1% | 1,4% |
| Árabes | 40,9% | 45,5% | 4,5% | -- | 9,1% |

Táboa 4 : Motivo de inmigración de inmigración segundo a procedencia étnico-cultural

| | Económico | Reagrupación familiar | Económico e reagrupación familiar | Outros | NS/NC |
|----------------|--------------|-----------------------|-----------------------------------|--------|-------|
| Latinas | 47,2% | 23,6% | 9,7% | 16,7% | 2,8% |
| Árabes | 27,3% | 50% | 22,7% | -- | -- |


Táboa 5 : Actividade laboral segundo a procedencia étnico-cultural

| | Ama de casa | Servizo doméstico | Hostelaría | Empreada en empresa | En paro | Outras | NS/NC |
|----------------|--------------|-------------------|--------------|---------------------|---------|--------|-------|
| Latinas | 23,6% | 23,6% | 12,5% | 11,1% | 9,6% | 16,8% | 2,8% |
| Árabes | 45,7% | 13,6% | 13,6% | 4,5% | 4,5% | 4,5% | 13,6% |

Táboa 6: Competencia lingüística segundo a procedencia étnico-cultural

| | | Galego | Castelán | Ambas | NS/NC |
|------------------|----------------|---------------|-----------------|--------------|--------------|
| Comprende | Latinas | 22,5% | 15,5% | 59,2% | 2,8% |
| | Árabes | 22,7% | 13,6% | 27,3% | 36,4% |
| Fala | Latinas | 4,2% | 63,4% | 5,6% | 26,8% |
| | Árabes | 4,6% | 22,7% | 4,5% | 68,2% |
| Le | Latinas | 11,3% | 29,5% | 47,9% | 11,3% |
| | Árabes | -- | 9,1% | 4,5% | 86,4% |
| Escribe | Latinas | 2,8% | 70,4% | 1,4% | 25,4% |
| | Árabes | -- | 13,7 | 4,5% | 81,8% |

Perfil das nais **latinas que participan na investigación**



Procedente de zonas urbanas

**Nivel de estudos medio-alto
Emigración por motivos económicos**

O servizo doméstico, as tarefas do fogar e a hostalaría principais ocupacións

Boa competencia lingüística tanto en galego como en castelán

Perfil das nais **árabes que participan na investigación**




Procedente de zonas rurais

**Nivel de estudos baixo
Emigración vinculada a procesos de reagrupación familiar**

As tarefas do fogar son a principal ocupación

Escasa competencia lingüística tanto en galego como en castelán

Perfil das nais **latinas que participan na investigación**



Procedente de zonas urbanas

**Nivel de estudos medio-alto
Emigración por motivos económicos**

O servizo doméstico, as tarefas do fogar e a hostalaría principais ocupacións

Boa competencia lingüística tanto en galego como en castelán

Intensas xornadas laborais

Escasa rede de apoio na sociedade de acollida

Múltiples dificultades para homologar os títulos

Sentimento de frustración


Descoñecemento do sistema educativo

Non existe experiencia de escolarización previa

Descoñecemento do idioma

Rol da muller árabe

Perfil das nais **árabes** que participan na investigación



Procedente de zonas rurais

Nivel de estudos baixo

Emigración vinculada a procesos de reagrupación familiar

As tarefas do fogar son a principal ocupación

Escasa competencia lingüística tanto en galego como en castelán

A modo de conclusión...

É preciso que se poñan en marcha programas de orientación laboral a través dos cales se favoreza o desenvolvemento de destrezas e habilidades que faciliten o acceso a postos de traballo acordes ao seu nivel de cualificación.

Xorde a necesidade de deseñar programas de Educación de Adultos dirixidos, por unha parte, a consecución de destrezas instrumentais básicas e, por outra, programas que procuren o desenvolvemento dunha maior capacidade de comunicación, de diálogo e de achegamento aos outros.

A modo de conclusión...

A lingua constitúe un instrumento clave de cara a súa integración na sociedade de acollida no senso de que pode facilitar ou dificultar este proceso e, ao mesmo tempo, pode ser un indicador do seu nivel de integración.

O coñecemento da lingua incrementará as posibilidades de competir no mercado de traballo, así como de participar na vida social e cultural da sociedade e, polo tanto, facilitará o proceso de integración no país de acollida.

A posibilidade de compartir espazos e tempos con outras mulleres autóctonas constitúe unha excelente oportunidade para o desenvolvemento de habilidades sociais comunitarias.

A modo de conclusión...

Dispor dun maior nivel competencial social e cidadá favorecerá a participación nos distintos ámbitos sociais, entre eles o propiamente educativo.

A escola e o contexto local constitúen dous dos espazos que ofrecen maiores posibilidades para o intercambio cultural e o coñecemento mutuo.

Neste senso, cremos que a vantaxe do tecido asociativo non se sitúa soamente na maior forza, e lexitimidade, que poidan ter as peticións que se fagan diante da Administración, senón nunha mellor disposición ao intercambio de experiencias de todo tipo.

A modo de conclusión...

As Administracións públicas deben inverter maiores esforzos na creación de espazos que favorezan a relación coa poboación galega.

En definitiva, é claro que precisamos do compromiso colectivo entre as distintas Administracións públicas a fin de traballar en proxectos comúns onde o eixe de acción básico teña que ver con políticas de recoñecemento efectivo, tanto no plano xurídico (dereitos de cidadanía) coma no mundo da vida cívica.

**GRAZAS POLA SÚA
ATENCIÓN**

E-mail: diana.priegue@usc.es

dpriegue@udc.es

www.usc.es/esculca